

A Rusia de Putin tralo 14 de marzo: situación de partida e retos

Marisol Rodríguez Puertas

As eleccións do 14 de marzo déronlle de novo a Presidencia da Federación Rusa a Vladimir Putin despois dunha revolta campaña electoral na que ata o último momento planearon o chamamento do partido da oposición a boicotear os comicios, a pantasma da abstención e a ameaza da maioría dos candidatos a abandonar a campaña electoral ante a falla de democracia e o trato desigual nos medios de comunicación: malia iso, ao final foron cinco candidatos os que se presentaron ás presidenciais xunto a Putin⁽¹⁾.

Desde a oposición e os medios de comunicación acusouse ao presidente de abuso de poder durante a campaña, de utilizar a presión administrativa para levar aos rusos ás urnas e evitar así que unha participación inferior ao 50% invalidara as eleccións, de manipulación dos medios estatais, de presionar aos partidos políticos para que non retiraran as súas candidaturas, xa que isto restaría lexitimidade ao ganador dos comicios e, en definitiva, de xogo antidemocrático. As organizacións de dereitos humanos e os observadores da Organización para a Seguridade e a Cooperación Europea (OSCE) tamén denunciaron as numerosas irregularidades que rodearon as eleccións presidenciais⁽²⁾.

Moitos preguntáanse pola necesidade de tanta exhibición de forza cando eran unhas eleccións que Putin sabía gañadas de antemán. A resposta: deixar claro de quen é o poder en Rusia. Suxeitando con firmeza todos os fíos e sen ter que enfrontarse a unha verdadeira oposición, permitiuse non dar mitins, nin participar en debates con outros candidatos. Soamente empregou todos os resortes á súa disposición para, dunha banda, presionar aos detractores da súa política e da outra, dirixir o voto desa gran parte do pobo ruso disposto a sacrificar a democracia a cambio de promesas de mellora económica. Sen lugar a dúbidas, a coactiva campaña posta en marcha desde o Kremlin funcionou, xa que máis do 70% dos votantes deulle o seu apoio⁽³⁾.

Con todo, a reelección de Putin nas presidenciais de marzo non foi ningunha sorpresa, senón a confirmación de todos os prognósticos. Os resultados dos comicios parlamentarios do 7 de decembro do ano pasado, no que os rusos elixiron aos 450 deputados que constituirían a cuarta Duma poscomunista de Rusia⁽⁴⁾,

(1) Os candidatos que se presentaron xunto a Vladimir Putin ás eleccións presidenciais do 14 de marzo de 2004 foron: Nicolai Jaritov; Sergei Glaziev; Irina Jamakanda; Oleg Malyshkin e Sergei Mironov. MERRY, Diego; "Vladimir Putin se hace elegir para un segundo mandato con una mayoría aplastante", *ABC*, 15/03/2004.

(2) *Observadores europeos aseguran que las elecciones rusas estuvieron llenas de irregularidades*, *El País*, 15/03/2004.

(3) BONET, Pilar: *Putín es reelegido presidente de Rusia con una aplastante mayoría de votos*, *El País*, 15/03/2004.

(4) Tralo autogolpe de Boris Ieltsin en 1993 púxose en marcha un sistema político que se mantivo ata hoxe en liñas xerais. Os procesos electorais ao Parlamento celebráronse en 1993, 1995, 1999 e 2003. As eleccións presidenciais, en 1996, 2000 e 2004. *La Rusia de Putin*, Papeles del Este, nº 7, 2º semestre 2003.

deixaron xa bastante claro quen era o persoeiro que se perfilaba como gañador das presidenciais do 2004. Nestas eleccións da Cámara Baixa, os partidos pro Putin obtiveron unha excelente representación parlamentaria: Rusia Unida, o partido formado polos seguidores do presidente, obtivo o 37% dos votos conseguindo 304 escanos dun total de 450, mentres que Ródina, a formación política creada polo Kremlin uns meses antes das eleccións co fin de debilitar ao Partido Comunista, conseguiu cunha linguaxe de esquerda, populista e nacionalista situarse contra todo prognóstico como cuarta forza ao obter o 9,1% dos votos. Moi lonxe de Rusia Unida e da posición esperada, o Partido Comunista situouse como segunda forza parlamentaria cun 12,7% (perdendo case a metade do apoio que obtivera nos comicios lexislativos de 1999). En terceiro lugar situouse o Partido Liberal Democrático (PLD) do ultranacionalista Zhirinovski, obtendo o apoio do 11,6% dos votantes. Fóra da Duma quedaron os liberais de Yábloko e a Unión de Forzas de Dereitas Liberais ao non acadar o 5% dos votos, porcentaxe necesaria para obter representación parlamentaria como partidos⁽⁵⁾.

Esta nova distribución na Duma foi a confirmación e ampliación do poder de Putin, renovando así as súas forzas de cara ás presidenciais. Por unha banda, a perda do compoñente liberal con representación na política rusa ao deixar os reformistas de formar parte do Parlamento por primeira vez desde a desintegración da URSS en 1991, dálle un poder sen contrapunto ao nacionalismo autoritario ruso⁽⁶⁾ amplamente representado na Duma polo partido de Putin, Rusia Unida (RU) –e complementado polo de Zhirinovski e Ródina–. Pola outra, o elevado número de parlamentarios ao seu favor outorgoulle unha maior marxe de manobra poñendo á disposición do presidente aínda máis poder do que establece a Carta Magna ieltsiniana de 1993⁽⁷⁾.

Esta Constitución, que foi aprobada en circunstancias extraordinarias, fortalece o presidencialismo do sistema ao beneficiar ao Executivo en prexuízo do Lexislativo⁽⁸⁾. O presidente ten prerrogativas para vetar as leis, presentar iniciativas lexislativas e tamén para formar⁽⁹⁾ e destituír ao goberno. Ademais, os deputados dependen do Kremlin ata nos salarios, xa que é o xefe do Estado quen os fixa. Tamén controla os cargos claves do goberno, pois os titulares de Exteriores, Interior, Defensa, Seguridade e Situacións de Emerxencia están directamente subordinados ao presidente por riba do primeiro ministro. Ao lexislativo quedalle unha pequena cota de poder xa que en teoría pode cesar ao presidente. O inconveniente é que o procedemento é tan complicado e pon tantas condicións que é practicamente inaplicábel.

(5) ARAGONÉS, Gonzalo: *Democracia con mano de hierro*, revista La Vanguardia, 7 de marzo de 2004.

(6) TERTSCH, Hermann: *Rusia, Putin y nosotros*, El País, 9 de decembro de 2003.

(7) RULE, Wilma: *Rusia: un sistema paralelo de desarrollo*, <http://www.aceproject.org/main/espanol/es/>.

(8) O órgano representativo e lexislativo da Federación Rusa é a Asemblea Federal composta por unha Cámara Alta ou Consello da Federación e unha Cámara Baixa ou Duma. <http://www.latintrade.ru/main/esp/russia.htm>.

(9) Xa que é el quen elixe ao seu presidente unha vez pasado o trámite de aprobación pola Duma (o que bloquea o desenvolvemento dos partidos políticos ao non vincular a formación de goberno cos resultados das eleccións lexislativas). Nota da autora.

Ante todos estos poderes, quen se lle opón ao presidente?

Desde que chegou á presidencia no 2000 Putin comezou unha estratexia para ampliar aínda máis as facultades outorgadas pola Constitución de 1993. Entre outras medidas, conseguiu cambiar o procedemento de formación da Cámara alta e rebaixar a súa influencia, e hoxe os xefes dos executivos e lexislativos locais poden cesar tanto aos gobernadores como aos presidentes rexionais. Ademais dividiu o país en sete distritos federais, agrupando en cada un a varias provincias e repúblicas, e á súa fronte puxo aos seus comisarios, unha especie de virreis que están por riba dos dirixentes rexionais⁽¹⁰⁾.

Continuando co seu gusto por poñer en práctica toda a súa autoridade, durante a recente campaña electoral abriu a porta a unha posíbel reforma da Constitución para ampliar o mandato presidencial. A Carta Magna vixente en Rusia establece que as presidencias duren catro anos podendo ser reelixido soamente unha vez. A un mes das eleccións Putin declarou non ser partidario de reformar a Constitución e ampliar o seu mandato presidencial de 4 a 7 anos, malia que unha opción intermedia podería estar nos seus proxectos afirmando que: “pode ser que estivera ben [un mandato de] cinco anos, que é unha cifra máis redonda”⁽¹¹⁾. O que parece evidente é que cun parlamento totalmente submisivo, se Putin se propón este cambio non atopará oposición.

Outro dos movementos para ampliar o seu poder consistiu en disolver o goberno de Mijail Kasianov⁽¹²⁾ a menos dun mes das pasadas eleccións presidenciais, aplicando para iso o artigo 117 da Constitución. Putin declarou que este cambio soamente se debía á súa intención de informar aos cidadáns de que políticos estarían no seu goberno se resultaba reelixido. Pero para moitos foi unha manobra electoralista co obxectivo de centrar a atención na recomposición do goberno e non na campaña da oposición que quería deixar en entredito a calidade democrática das eleccións. Nove días antes dos comicios tiña xa lista a composición do novo goberno e perfiladas as intencións coas que partía para o seu segundo mandato: predominio da política económica, reforma administrativa e acumulación de máis poder na súa persoa co estreito apoio de antigos membros da espionaxe soviética.

Os retos internos de Putin

Putin comeza este segundo mandato dando un importante peso e unidade ao bloque económico (co que se prevé que manterá o rumbo da súa política de corte liberal), recortando o número de ministerios (que pasan de 30 a 17) e traspasando cargos de responsabilidade do goberno a antigos espías. Tamén ten máis poder, xa que

(10) FERNÁNDEZ, R. e BONET, Pilar: *La victoria de Rusia Unida en las elecciones favorece el presidencialismo del sistema*, El País, 08/12/2003.

(11) BONET, Pilar: *Putin rechaza el debate y expone su programa en la televisión*, El País, 13/02/2004.

(12) ARAGONÉS, Gonzalo: *Putin saca músculo y destituye al gobierno*, La Vanguardia, 25/02/2004.

controla directamente cinco dos dezasete ministerios (Interior, Defensa, Situacións de Emerxencia, Exteriores e Xustiza) e segue á fronte do bloque de servizos de seguridade e espionaxe.

Co poder acumulado, a reelección permitiralle a Putin continuar coas políticas que iniciou no seu primeiro mandato sen oposicións internas de significación, malia que agora sen poder botarlle a culpa aos anteriores presidentes do lastre que supón para o país as políticas equivocadas que puxeron en marcha. Aínda así, tamén é certo que desde que Putin acadou a presidencia no ano 2000 intentou corrixir os defectos do sistema de Ieltsin a pesar de ter chegado como garante da continuidade das políticas desenvolvidas polo seu impulsor.

Movéndose entre a provocación e as boas maneiras á hora de conseguir fondos internacionais, Putin buscou o apoio de Occidente para fortalecer o Estado ruso e modernizar o país coa chegada de tecnoloxía, de investimentos estranxeiros e co aumento do comercio exterior⁽¹³⁾. Conseguiu créditos internacionais e estabilidade política (a costa de dereitos e liberdades) e tamén estimulou a cooperación con institucións internacionais para facelos motores da recuperación económica. Ademais, logrou estabilizar a catastrófica economía rusa, que provocou o derrubamento da URSS e a crise de 1998, malia que o fixo de forma pouco sólida, pois dependía excesivamente dos ingresos pola exportación de hidrocarburos e tiña pendentes moitas reformas esenciais. A pesar da aparente bonanza que vive a Federación Rusa, moitos destes avances requiren ser matizados como veremos máis adiante, existindo ademais outras problemáticas que despois de catro anos á fronte do Executivo seguen sen estar en vías de solución.

Vladimir Putin é consciente do que lle queda pendente e no balance que fixo do seu primeiro mandato como presidente, nun acto da campaña electoral a través da televisión pública, dixo non estar de todo satisfeito do conseguido ao recoñecer que a economía rusa segue centrada na produción de materias primas sen aproveitar o seu potencial intelectual, e que continúa lastrada pola burocracia e os monopolios estatais herdados. No entanto, o presidente abstívose de sacar conclusións da segunda guerra de Chechenia que lle deu a popularidade no outono de 1999 e que segue sendo un grave problema moi lonxe de estar resolto, nin entrou a valorar outras áreas sumidas na crise. Ao falar dos progresos conseguidos, Putin vangloriouse de restaurar a orde constitucional e a gobernabilidade do Estado (esquecendo o férreo control ao que somete aos partidos, o encarceramento selectivo dos empresarios que se atreven a intentar facerlle sombra no ámbito político ou as continuas denuncias de falla de democracia), de lograr a independencia financeira (obviando que sigue dependendo do Fondo Monetario Internacional e dos créditos exteriores) e, finalmente, de conseguir a estabilidade do rublo e unha mellora nos índices económicos e sociais (sen ter en conta que esta mellora é dependente en exceso do prezo dos hidrocarburos).

(13) DJALILI, Mohammad-Reza e KELLNER, Thierry: *La nueva Asia Central*, Edicions Bellaterra, Barcelona, 2003, p 537.

O xa de novo presidente gozou de catro anos de “desculpa” polos avances lentos e dificultosos achacados ao peso da historia recente, e é neste mandato no que debe reformar a fondo e levar a cabo cambios impopulares que poden mermar considerabelmente o seu actual carisma. No seu programa electoral Putin mencionou a reforma das pensións de xubilación, a nova lexislación sobre a explotación de recursos naturais, a reforma administrativa, e o fomento dun sistema político con partidos fortes, ademais do desenvolvemento da sociedade civil. No entanto, hai outras reformas moito menos “amabéis” que lle quedan por facer. Días despois da súa reelección falou dalgunhas delas, declarando estar disposto a aplicar as impopulares medidas que o país necesita.

Retos na área económica

O país goza dunha aparente bonanza económica desde 1999⁽¹⁴⁾ unha vez superada a grave crise financeira de 1998 que supuxo a retirada de gran parte dos investimentos estranxeiros. Nesta rápida recuperación económica o aumento dos prezos internacionais dos hidrocarburos foi fundamental, xa que Putin decantouse pola exportación de gas, petróleo e derivados fundamentalmente á Unión Europea⁽¹⁵⁾ como motor para impulsar a economía, deixando en segundo plano outras políticas macroeconómicas (no 2000 Rusia situouse como principal produtor de gas natural do mundo, co 23% do total, e o terceiro produtor de petróleo bruto tras Arabia Saudita e Estados Unidos, co 9% da produción mundial)⁽¹⁶⁾. O problema é que esta forte dependencia das divisas dos produtos enerxéticos fai que o futuro de Rusia sexa extremadamente dependente do prezo internacional dos hidrocarburos, que de caer porían en perigo os delicados equilibrios orzamentarios que fixeron da enerxía o sostén decisivo do comercio exterior e tamén da dinámica interna da economía, xa que os ingresos obtidos pola exportación de petróleo e gas natural significan cerca do 18% do Produto Interior Bruto⁽¹⁷⁾.

Outro dos problemas é que o diñeiro que vén dos hidrocarburos destínase en grande medida ás ramas máis vinculadas ás exportacións e importacións, sen que se produzan cambios de fondo nas demais áreas manufactureiras ou noutras actividades económicas⁽¹⁸⁾. Consecuencia diso é a debilidade do tecido industrial que malia ir recuperándose moi lentamente e de forma desigual segundo as rexións, precisa dunha profunda reconversión debido ao atraso tecnolóxico e á falla de mantemento das instalacións. O sector agrario continúa subdesenvolvido a pesar do leve incremento da

(14) Entre 1999 e 2002 o PIB creceu máis dun 25%. PALAZUELOS, Enrique: *Dilemas de la economía rusa: atrapada entre la bonanza petrolera y la deuda externa*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(15) O 21% do petróleo importado pola Unión Europea en 1999 e o 41% das importacións de gas do ano 2000 viñan de Rusia. SERRA, Francesc: *Diez años de la nueva Rusia*, Revista CIDOB d'afers internacionais, <http://www.cidob.org/Castellano/Publicaciones/Afers/59serra.html>.

(16) SERRA, Francesc: *Diez años de la nueva Rusia*, Revista CIDOB d'afers internacionais, <http://www.cidob.org/Castellano/Publicaciones/Afers/59serra.html>.

(17) PALAZUELOS, Enrique: *Dilemas de la economía rusa: atrapada entre la bonanza petrolera y la deuda externa*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(18) NAIM, Moisés: *Russia's Oily future*, <http://www.foreignpolicy.com/story/>.

súa produción recente. Todo iso fai imprescindible levar a cabo reformas en practicamente toda a cadea lle produtiva que permita ao país deixar de ser importador de case todo. Mostra da magnitude do problema é que en 2002, aproximadamente o 40% do mercado ruso de bens de consumo viña de importacións⁽¹⁹⁾, quedando relegado o groso da súa actividade económica a un papel de exportador de materia prima enerxética.

De cara a este segundo mandato, a Putin quedalle tamén por estruturar as reformas dos monopolios naturais máis importantes de Rusia (transporte ferroviario, sector das eléctricas e do gas natural)⁽²⁰⁾ que permitan poñer freo ao deterioro das infraestruturas, aumentar o investimento e axustar as tarifas á realidade da economía de mercado. Estas reformas non son soamente unha necesidade, senón unha esixencia dos organismos internacionais, sobre todo do Fondo Monetario Internacional (FMI), para seguir concedendo créditos a Rusia, dos que depende desde antes da disolución da URSS. Rusia recibiu case 3.000 millóns de dólares de axudas e créditos occidentais e do FMI⁽²¹⁾, sendo pouco probábel que poida prescindir deles a pesar dos seus fortes ingresos. Os motivos: a debilidade dos medios de produción sumidos nunha etapa primaria de reconversión, a inestabilidade dos mercados enerxéticos internacionais e o peso da débeda externa que en 2002 ascendía a máis de 150.000 millóns de dólares⁽²²⁾.

Á vista de todo o exposto, no seu segundo mandato Putin deberá continuar recuperando o tecido industrial, depender menos da exportación de hidrocarburos, diversificar a súa economía e atraer investidores internacionais máis aló do campo enerxético, que de momento non se senten demasiado motivados debido ao clima de corrupción e mafias que tan pouco atractivo é para os negocios a este nivel. Terá tamén que revitalizar tanto o consumo dos cidadáns como o investimento, para o que será preciso elevar tanto os ingresos dos traballadores⁽²³⁾ como os beneficios das empresas. Neste sentido, Putin comunicou aos poucos días de ser reelixido os seus proxectos económicos entre os que se atopa unha ampla reforma fiscal para estimular a actividade empresarial, a modificación das taxas sobre a explotación e exportación dos hidrocarburos⁽²⁴⁾ e o mantemento do imposto da renda para as persoas físicas (IRPF) no 13%, imposto que terá que seguir sen computar os rublos que reciben milleiros de rusos por traballos somerxidos e que necesitan para completar o seu escaso soldo ou polo pago de parte dos seus salarios en diñeiro negro.

(19) PALAZUELOS, Enrique: *Dilemas de la economía rusa: atrapada entre la bonanza petrolera y la deuda externa*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(20) SÁNCHEZ, Antonio: *Política de competencia en Rusia: la reforma de los monopolios naturales*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(21) SERRA, Francesc: *Diez años de la nueva Rusia*, Revista CIDOB d'afers internacionals, <http://www.cidob.org/Castellano/Publicaciones/Afers/59serra.html>.

(22) PALAZUELOS, Enrique: *Dilemas de la economía rusa: atrapada entre la bonanza petrolera y la deuda externa*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(23) Nos últimos anos produciuse unha recuperación dos salarios, pero este segue a ser un proceso do que seguen excluídas máis do 40% das persoas, o 30% da poboación, que vive con menos de 2 dólares por día. PALAZUELOS, Enrique: *Dilemas de la economía rusa: atrapada entre la bonanza petrolera y la deuda externa*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(24) BONET, Pilar: *Rusia lanza una reforma fiscal que bajará impuestos a las empresas*, El País, 20/03/2004.

Retos políticos

A vida política rusa é unha mestura de relacións político-económicas onde os partidos sofren dunha febleza crónica pola falla de tradición democrática e pola dinámica do propio sistema, que concedendo unha desproporcionada marxe de manobra á Presidencia lles impide desenvolverse como formacións con poder real e independente⁽²⁵⁾. O resultado é un parlamento sen forza e uns grupos políticos constituídos para apoiar con docilidade ao máis forte.

Detrás da maioría dos partidos políticos atópanse os magnates, empresarios que acumularon xigantescas fortunas durante a última década como consecuencia do espolio do sector público ao abeiro das privatizacións e que durante moito tempo se beneficiaron dos favores políticos e económicos concedidos desde un poder endogámico. A tendencia á alza deste capitalismo político-mafioso cada vez máis público pareceu tocar teito coa chegada de Putin ao poder, cando en xaneiro de 2000 o novo presidente iniciou o que parecía unha depuración na Administración presidencial, que como se viu máis tarde, consistiu máis en reestruturacións que en limpezas a fondo⁽²⁶⁾.

Despois de catro anos no poder, pode dicirse que a política de Putin se decantou por manter á raia aos magnates para que non interferiran no ámbito político⁽²⁷⁾ no que el é o “Zar”. O seu pulso consistiu nun cambio de forzas e nunha presión selectiva sobre os novos ricos da era postsoviética, pero o seu desexo non foi o de acabar realmente con eles, senón o de controlalos ao seu antollo. Os oligarcas perseguidos foron os críticos co Kremlin ou aqueles que se atreveron a lanzarse á area política. O magnate Vladimir Gusinski, dono dun importante grupo de empresas de comunicación que durante a primeira campaña presidencial de Putin verteu críticas sobre el, acabou detido por fraude ao Estado e actualmente atópase no exilio. Outro exiliado é o oligarca Berezovski, que dimitiu do seu escano na Duma para crear o seu propio partido político despois de denunciar as políticas autoritarias de Putin e terminou investigado por corrupción⁽²⁸⁾. O último movemento do presidente, máis propio dun sistema autoritario que dunha democracia, foi o encarceramento do magnate dono da petroleira Yukos, Mijail Jorodovski, quen se atreveu a querer presentarse ás presidenciais de 2004, feito que o convertía nun rival político de peso para Vladimir Putin⁽²⁹⁾.

Cos partidos liberais divididos e fóra do Parlamento, un Partido Comunista con perda significativa de apoio e arroupado por un nutrido grupo de deputados e antigos camaradas espías colocados estratexicamente en postos de responsabilidade, non se prevé un fortalecemento do sistema democrático neste segundo mandato de Putin a pesar de ser este un dos seus compromisos electorais.

(25) KLIAMKIN, Igor: *Rusia: un sistema deformado e ineficaz*, El País, 07/10/2003.

(26) *Vladimir Putin*, <http://www.cidob.org/bios/castellano/lideres/p-017.htm>.

(27) TAIBO, Carlos: *Putin y los magnates*, La Vanguardia, 12/08/2003.

(28) *Vladimir Putin*, <http://www.cidob.org/bios/castellano/lideres/p-017.htm>.

(29) Editorial, *Lucha por Rusia*, El País, 01/11/2003.

Se as divisas dos hidrocarburos o acompañan, con todo o poder acumulado poderá manexar sen dificultades os poderes políticos e económicos da xa denominada “democracia dirixida de Putin”.

Retos na área social

A pesar da bonanza macroeconómica e do maioritario apoio popular co que conta o presidente Putin, os problemas sociais subsisten, facéndose cada vez máis insalváveis as distancias entre unha selecta minoría de novos ricos –nados ao abeiro das privatizacións, das mafias e dos negocios– e a poboación de a pé, sendo tamén excesivas as diferenzas entre as poboacións das zonas máis ricas e as das menos desenvolvidas da Federación Rusa. A brecha é económica e moral, sendo patente a desilusión de moitos ante o camiño emprendido por unha sociedade que antes se vía máis xusta e igualitaria e que se converteu en clasista, materialista e discriminatoria.

Malia que unha parte da poboación viu mellorar lixeiramente o seu nivel de vida, en todo o territorio faise evidente a grave crise en que se atopa sumido o sector público, e o Estado, aínda que seguiu subvencionando áreas como o transporte, a comunidade, a electricidade, etc, xa non continúa coa súa política paternalista e protectora doutro tempo. A falla de investimento traducíuse nunha caída dun benestar social xa deteriorado, e a sanidade, os servizos sociais, a educación e o acceso a unha vivenda foron algunhas das áreas que se viron máis afectadas. Cos recursos e programas sociais vixentes o Estado non foi capaz de poñerlle freo ao paro, á mendicidade, á marxinalidade, á prostitución, á infancia abandonada, ao alcoholismo, á SIDA, á maternidade adolescente, á crise demográfica, á miseria urbana e rural, etc.

Agora Putin decidiu buscar outra forma de financiar os gastos sociais e trala súa reelección deixou entrever que porá en marcha reformas impopulares que afectarán ao sistema de servizos comunais, á área de saúde e á educación, esferas ata agora financiadas na súa maior parte polo Estado e que deixarán de ter cobertura gubernamental. Pero tamén dixo que reformará as pensións de xubilación e que fará unha revisión do sistema de beneficios sociais para centralos nas capas de poboación máis necesitadas.

O que sen dúbida parece evidente é que no seu novo mandato Putin terá que reaxustar as reformas para encontrar o equilibrio entre as novas políticas –que necesariamente traerán unha suba de prezos– e a capacidade adquisitiva de salarios e pensións co fin de non agravar máis o depauperado panorama social. E máis aínda cando se comprometeu publicamente a rebaxar os índices de pobreza a un 12% da poboación nos próximos tres anos⁽³⁰⁾.

A pesar de todos os problemas, a poboación rusa ve a súa actual situación mellorada cando a compara co declive da Perestroika e cos duros momentos vividos coa caída da URSS, que tiveron o seu punto culminante na crise financeira de 1998. Esta sensíbel mellora despois dun largo túnel deulle un voto en branco a Putin, xa que

(30) BONET, Pilar: *Rusia lanza una reforma fiscal que bajará impuestos a las empresas*, El País, 20/03/2004.

son moitos rusos os que opinan que soamente un dirixente forte e con poder será capaz de levar o país á estabilidade económica e de recuperar o orgullo perdido. Todo iso fai que os partidos liberais que denuncian as políticas antidemocráticas de Putin non consigan que os rusos castiguen ao presidente pola merma dos dereitos e liberdades, a ausencia dunha prensa libre ou a guerra de Chechenia, un dos maiores puntos negros do seu mandato.

Retos territoriais: a guerra de Chechenia

As dúas guerras de Chechenia permitíronlles aos presidentes rusos ocultar problemas e pór en marcha, sen demasiadas voces en contra, medidas antidemocráticas agochadas tralo manto de discursos salvadores e nacionalistas. Boris Ieltsin iniciou a guerra en 1996 baixo o pretexto de protexer á poboación rusa na zona, de acabar coa independencia proclamada de forma unilateral polos secesionistas en 1991 e, ademais, de poñer freo ao poder das redes mafiosas e ao caos xeneralizado. A estratexia de Putin foi dicir que loitaba contra o terrorismo, discurso que afianzou e globalizou a partir dos atentados do 11-s, co beneplácito dos EEUU e do resto da comunidade internacional, ao afirmar que Chechenia era un foco de terroristas conectados con redes internacionais⁽³¹⁾ e que por tanto a súa loita contra o terror non debía ser criticada senón apoiada.

No entanto, para moitos analistas os motivos claves da intervención foron basicamente dous: o interese de Rusia polos gaseodutos e oleodutos que atravesan a república caucásica de Chechenia, e o medo de Moscova á desintegración da Federación. Para outros expertos tamén interviñeron outras variábeis: a guerra como forma de buscar inimigos externos que fixeran esquecer os problemas económicos e sociais do país, como intento do Kremlin de evocar un pasado glorioso de dominación sobre outros pobos, de resarcirse polas humillacións sufridas polos rusos en diversas repúblicas ex soviéticas, como un desquite militar tralo afundimento da URSS e, finalmente, a guerra como medio para crear unha zona de seguridade fronte ao Islam. Non hai que esquecer tampouco que a reanudación da guerra en 1999 foi unha manobra política que serviu a Putin para facerse coa presidencia no 2000, xa que grazas a ela consolidou a súa imaxe como a dun político decidido a restaurar a orde e a disciplina en todo o territorio federal e capaz de devolverlle a Rusia o seu esplendor e a súa fortaleza do pasado.

O que non parece ter discusión é que a guerra de Chechenia vén sendo silenciada desde o poder⁽³²⁾, e á parte do espazo que poidan ocupar nos medios os actos terroristas chechenos, o conflito parece terse diluído ou deixado de existir. No entanto, seguen oíndose voces de organismos non gobernamentais rusos e internacionais que denuncian a continuidade das violacións de dereitos humanos, da arbitrariedade e do caos en que vive sumida a república. A poboación empeza a estar dividida ante a

(31) SMITH, Sebastián: *Las montañas de Alá. La batalla por Chechenia*, Editorial Destino, Barcelona, 2002, p 32.

(32) TAIBO, Carlos: *El desayuno de Putin*, La Insignia, 18/07/2003.

invasión, principalmente pola chegada continua e silenciada de militares mortos na zona. Porén, a censura e o manexo de todos os resortes de poder para silenciar as voces críticas coa súa política non parece que vaian a deixar moito espazo para unha mellora na situación da república independentista nun futuro cercano, e menos aínda se a comunidade internacional sigue manténdose timidamente á marxe.

Os retos de Putin en política exterior: “estranxeiro próximo” e Occidente

Á hora de analizar a política exterior rusa, cómpre ter moi presente que os países do Cáucaso e Asia Central que formaran parte da Unión Soviética ata a súa disolución son vistos polo Kremlin máis como unha extensión do actual territorio da Federación que como países do ámbito internacional. Son o seu “estranxeiro próximo”, unha “periferia” dependente no económico e militar sobre a que estender o seu poder e á que pretende controlar e subordinar.

O **Cáucaso** é unha zona caracterizada pola persistencia de conflitos armados acougados pero non resoltos, pola inestabilidade política, polo tráfico de drogas e armas, pola crise económica e a corrupción⁽³³⁾, área esta na que Rusia ven intervindo de maneira máis ou menos directa co fin de defender os seus intereses políticos, estratéxicos e económicos na rexión. Rusia, en calidade de potencia rexional implicouse en maior ou menor grado en conflitos coma o xeorxiano e o armenio-azerí, problemáticas abertas que Putin non pode descoidar no seu segundo mandato se desexa manter a influencia na rexión da Federación que el preside.

Xeorxia é unha das repúblicas caucásicas que nos últimos meses máis sobresaltos lle deu ao presidente ruso. O reemprazo de Eduard Shevernadze por Mijail Saakashvili á fronte da presidencia do país tralo triunfo da revolución de veludo en novembro de 2003, supuxo unha política de acercamento do novo líder á esfera de Washington que non lle gustou demasiado ao presidente Putin a pesar das boas relacións que mantén con EEUU. Aínda que Saakashvili fixo o xiro con gran cautela por medo a que Rusia quente o conflito separatista que a república vive desde os anos noventa⁽³⁴⁾, non está claro até que punto Putin está disposto a permitir que os esperados favores económicos estadounidenses o convirtan no socio menor de Washington na rexión do Cáucaso. Porque non debemos esquecer que Rusia leva anos competindo con EEUU no Cáucaso, onde Washington vén realizando desde hai tempo operacións estratéxicas e militares, con maior intensidade tralos atentados do 11-s e onde conseguiu tamén o seu espazo na área económica ao participar na explotación dunha parte das riquezas do Caspio na nova ruta do petróleo Bakú-Tiflis-Ceyhan.

(33) DJALILI, Mohammad-Reza y KELLNER, Thierry: *La nueva Asia Central*, Edicions Bellaterra, Barcelona, 2003, p 311.

(34) As rexións de Abxasia e Osetia do Sur entraron en guerra con Xeorxia para unirse a Rusia, un conflito que recrudeceu trala chegada ao poder de Saakashvili, un político nacionalista ao que as rexións secesionistas miran con ceceo. Malia que Adxaria non desexa unirse a Moscova, o seu líder local funciona de forma independente, o que agrava o problema de unidade territorial de Xeorxia. Nota da autora.

Mentres que as relacións con Xeorxia seguen sendo tensas, o conflito de Nagorno Karabaj, o enclave armenio en Azerbaián⁽³⁵⁾, segue a ser un tema espiñento para Rusia⁽³⁶⁾. Putin declarou o seu compromiso de apoiar tanto ao presidente de Armenia como ao de Azerbaián para solucionar un conflito herdado de tempos pasados, segundo as súas palabras⁽³⁷⁾. Non obstante, parece que Moscova non está aínda en disposición de desempeñar unha función moderadora, deixando esta tarefa en mans da comunidade internacional, e en particular da OSCE (Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa)⁽³⁸⁾. A súa política parece estar máis centrada en traballar as relacións económico-comerciais azerís –o seu principal aliado no Cáucaso– a pesar da construción do oleoduto destinado a evitar a rede rusa e que unirá Bakú co porto turco de Ceyhan.

En canto a **Asia Central**, desde o ano 2000 Moscova renovou o seu interese na rexión ante a desconfianza dos países que a integran e que se moven entre o temor a que Rusia queira impoñer a súa dominación imperial e o desexo de beneficiarse do apoio político e militar dunha veciña aínda demasiado potente para ser excluída.

Aínda que Rusia non depende economicamente destes países, no ámbito enerxético si está moi atenta ao que acontece na zona, xa que as producións do Caspio poden competir coas de Rusia no mercado internacional de enerxía, do que Moscova tanto depende. Ademais da contigüidade xeográfica, a presenza de importantes minorías rusas en Asia e o auxe do tráfico de drogas fai que Rusia non se desmarque da zona e ofrezca protección militar a cambio de alianzas xeopolíticas. Putin busca tamén evitar calquera penetración estratéxica doutra potencia na rexión que poida reducir o seu peso en Asia Central, e está moi atenta ás ameazas que representa a influencia de Irán, Paquistán, Turquía, China, EEUU e a Unión Europea, malia que Rusia terá que cohabitar na zona con EEUU, como lle pasa no Cáucaso. A política de Washington consiste en que os países de Asia Central se desvinculen de Rusia, reforzar as súas potenciais fontes de aprovisionamento enerxético do Caspio e consolidar a súa posición na rexión co apoio de países como Uzbekistán, que xirou cara aos EEUU movido polo desexo de ganar peso como potencia rexional.

Presentándose como garante de estabilidade para a rexión, as accións do Kremlin están máis orientadas ao plano militar que ao progreso dos vínculos econó-

(35) Aínda que habitada por unha maioría armenia (77% da poboación a principios dos noventa), o Alto Karabaj foi unido a Azerbaián en 1920 con estatuto de rexión autónoma soviética. O estatuto foi suprimido en 1992 pola República de Armenia colocando a rexión baixo administración directa. SELLIERY, Jean e André: *Atlas de los pueblos de Oriente*, Editorial Acento, Madrid, 1993, p 113.

(36) A disputa polo territorio comezou en 1988 cando a rexión autónoma de Alto Karabaj solicitou a súa independencia de Azerbaián e a súa integración en Armenia, o que provocou o primeiro conflito interétnico grave da Perestroika. Poucos días despois desta reivindicación estalou a guerra que, en teoría rematou en 1994 coa vitoria de Armenia, que ocupou unha parte de Azerbaián así como o Alto Karabaj. No entanto, continúa o estado latente de non guerra, dado que nunca se avanzou nas negociacións de paz. CLAUDIN, Carmen: *El conflicto más antiguo del Cáucaso: Nagorno Karabaj entre Armenia y Azerbaidzhán*. <http://observatorio.barcelona2004.org/>.

(37) Ministerio de Asuntos Exteriores da Federación de Rusia, Departamento de información a prensa, 18/09/2001.

(38) URJEWICZ, Charles: *El Estado del mundo 2003*, Anuario económico y geopolítico mundial, Madrid, Akal, 2002, pp 509-510. <http://www.ub.es/conflictos/conflictos/arees/geopolitica/urss1b.html>.

micos, xa que Rusia non pode rivalizar con achegas de países occidentais ou de Xapón⁽³⁹⁾. As bazas de Putin para manter a súa posición aínda dominante na rexión de cara aos seus próximos catro anos de mandato son seguir xogando co sentimento de inseguridade co medo –máis instrumentalizado que real– a unha propagación do islamismo radical, coa debilidade dos estados da rexión e coa forte necesidade de axuda económica, que malia non ser demasiado abundante por parte de Rusia segue significando certo volume de entrada de ingresos para unhas repúblicas ás que lles chegou a independencia case sen desexalo, sendo graneiros especializados moi dependentes da antiga metrópole.

Nesta concepción do estranxeiro próximo non hai que esquecer o papel que desempeña para Rusia a estrutura da **Comunidade de Estados Independentes (CEI)**⁽⁴⁰⁾, sobre todo desde que a recuperación económica de 1999 lle permitira á Federación Rusa presentarse de novo como líder natural do grupo da CEI, que puido impoñer así as súas prioridades e intereses. Durante o primeiro mandato de Putin dous foron os acontecementos que permitiron ao presidente impulsar este proceso: a crise política de Ucraína, onde o presidente Kuchma acosado por unha dura oposición e chantaxeado enerxeticamente por Moscova tivo que reorientar a súa política cara ao Kremlin; e os sucesos do 11-s, que como xa vimos favoreceron o papel de Rusia no mundo e por extensión, tamén na CEI⁽⁴¹⁾.

Con todo, segue sendo un golpe á influencia do Kremlin no seu estranxeiro próximo a negativa dos países bálticos (Estonia, Letonia e Lituania) a formar parte da CEI, e máis aínda cando dixeron si á OTAN, da que forman parte desde finais de marzo deste ano, nunha ampliación que tamén deu o ingreso a Romanía, Eslovaquia e Eslovenia⁽⁴²⁾. No seu segundo mandato Putin continúa coa súa liña crítica á inclusión na Alianza Atlántica de países da antiga órbita soviética e xa anunciou que ante o aumento de presenza militar da OTAN cerca das súas fronteiras reforzará o continxente militar ruso en canto o considere oportuno.

Rusia considera a CEI como un medio para restaurar a súa autoridade e liderado, e malia que garda unha baza no ámbito militar, ao catalizar os medos a unha ameaza islamista e ao ser recoñecido polas repúblicas como responsábel da seguridade colectiva, as súas posibilidades económicas e financeiras, aínda que de peso, son menos sedutoras que as de Occidente pola falla de medios e polo medo de moitas repúblicas ao neoimperialismo ruso⁽⁴³⁾, tan ben representado por Vladimir Putin.

(39) DJALILI, Mohammad-Reza e KELLNER, Thierry: *La nueva Asia Central*, Edicións Bellaterra, Barcelona, 2003, pp 85, 96.

(40) Naceu en 1991 como unha coordinadora de estados soberanos sendo os grandes ámbitos de actuación seguridade e economía. AGUILERA DE PRAT, Cesáreo: *Rusia y la CEI: ¿relaciones de política exterior o interior?*, <http://www.cidob.org/castellano/publicaciones/Afers/42aguilera.html>.

(41) SERRA, Francesc: *Diez años de la nueva Rusia*, Revista CIDOB d'afers internacionais, <http://www.cidob.org/Castellano/Publicaciones/Afers/59serra.html>.

(42) GONZALEZ, J. Carlos: *La OTAN se amplía hoy a siete países del este y el centro de Europa*, El Mundo, 29/03/2004.

(43) DJALILI, Mohammad-Reza e KELLNER, Thierry: *La nueva Asia Central*, Edicións Bellaterra, Barcelona, 2003, p 155.

Este neoimperialismo ruso vese con certa distancia desde Occidente e aínda que a intervención de Chechenia lle custou ameazas veladas e críticas, cando Rusia necesitou créditos na crise financeira de 1998 ou silencio trala segunda intervención na república caucásica rebelde, Occidente proporcionoullo sen grandes fisuras.

Vladimir Putin sabe que as súas relacións con **Occidente** están condicionadas pola debilidade económica de Rusia, o que malia ao seu potencial, fíxolle recorrer a financiamento externo do Fondo Monetario Internacional ou do Banco Mundial e de outros organismos e gobernos, así como a ter que aceptar un papel secundario e dependente no plano mundial como xa comentamos anteriormente. A pesar diso a comunidade internacional respecta o papel de Rusia en tanto que potencia, e aínda que o seu poder quedou reducido trala disolución da URSS, ocupa un posto permanente no Consello de Seguridade da ONU, forma parte do Consello de Cooperación do Atlántico Norte como membro fundador desde 1991, e recibe créditos do Fondo Monetario Internacional desde o seu ingreso en 1992. Tamén participa desde 1994 no Consello de Europa e máis na Asociación para a Paz, así como nas reunións de carácter político do G-7, que a partir dese momento comezou a ser coñecido como G-8⁽⁴⁴⁾. En 2002 Putin seguiu a política de acercamento coa creación do Consello OTAN-Rusia co obxectivo de establecer entre os Estados membros da Organización e a Federación un mecanismo de consulta, cooperación e acción conxunta sobre temas de seguridade da rexión euroatlántica.

As razóns do acercamento de Putin a Occidente son basicamente polas vantaxes económicas que iso lle supón, vitais para modernizar e relanzar o país. Unha maior sintonía con Occidente permitiríalle a Putin incrementar os investimentos estranxeiros, ampliar o desenvolvemento das relacións económicas e comerciais con Europa e Estados Unidos (os seus principais socios), converterse en beneficiario de novos créditos, obter maior flexibilidade co pagamento da súa débeda externa, así como obter a concesión –fundamentalmente de Washington– dunha parte do negocio do petróleo e do gas natural centroasiáticos⁽⁴⁵⁾, ou ben conseguir o apoio de EEUU para que se axilicen os trámites que permitan o ingreso de Rusia na Organización Mundial do Comercio (OMC)⁽⁴⁶⁾. O evidente, á vista do forte peso que acaba de outorgar ao gabinete financeiro no seu novo goberno e da traxectoria europeísta do novo primeiro ministro⁽⁴⁷⁾, é que a aposta de Putin neste segundo mandato será de novo económica e pro-occidental.

Algunhas das vantaxes non económicas do acercamento a Occidente, con importantes lazos con EEUU –sobre todo tralos atentados do 11-s ao apoiar sen fisuras a denominada “campanha contra o terror”– foron a pasividade e as mornas críticas

(44) SERRA, Francesc: *Diez años de la nueva Rusia*, Revista CIDOB d'afers internacionals, <http://www.cidob.org/Castellano/Publicaciones/Afers/59serra.html>, p 8.

(45) Rusia non pode opoñerse ao xogo de EEUU cos hidrocarburos de Oriente Medio e o Cáucaso polo que a súa postura é situarse o mellor posíbel. Nota da autora.

(46) TAIBO, Carlos: *Rusia en crisis y en la crisis*, Papeles del Este, nº7, 2º semestre 2003.

(47) Mijail Fradkov era representante de Rusia ante a Unión Europea. BONET, Pilar: *Putin nombra primer ministro al ex jefe de la policía fiscal*, El País, Internacional, 02/03/2004.

da comunidade internacional ante as reiteradas denuncias de violacións de dereitos humanos e crimes de guerra en Chechenia por parte das tropas rusas e máis a ampla marxe de manobra dada para actuar nos países do Cáucaso e Asia Central.

No entanto, a pesar do acercamento a Occidente, as relacións non están exentas de tensións. Con EEUU, o antiamericanismo de medios militares e políticos e de certa parte da poboación rusa non facilitan de todo as cousas, como tampouco as rozaduras xeradas polo despregamento dun ambicioso escudo antimísiles, as bases instaladas no Cáucaso e Asia Central, a ampliación da OTAN cara ao leste, a cooperación ruso-iraniana no ámbito nuclear, ou as relacións con Corea do Norte, sendo Irán e Corea dous dos países declarados por Washington pertencentes ao “eixe do mal”⁽⁴⁸⁾.

En canto a Europa, as relacións poderían tensarse a raíz da ampliación en maio deste ano da Unión Europea con dez novos membros –Polonia, República Checa, Eslovaquia, Eslovenia, Hungría, Lituania, Letonia, Estonia, Malta e Chipre– dos que sete foron antigos satélites da Unión Soviética. Ademais, as estas relacións tampouco pasan polo seu mellor momento no tema ecolóxico e do medio natural, xa que a UE está molesta pola negativa de Rusia a subscribir o Protocolo de Kioto sobre a limitación de gases contaminantes (ao soste que un compromiso dese tipo frearía o seu desenvolvemento económico) e pola decisión rusa de non conceder dereitos de tránsito sobre Siberia aos avións das compañías europeas. A Unión tamén criticou ultimamente a Rusia pola súa actitude en Chechenia e polo talante pouco democrático das súas políticas⁽⁴⁹⁾. Estas tensións están todas elas agudizadas pola división existente entre os membros da UE no que se refire ás relacións con Moscova, xa que hai países como Alemaña, Francia ou Italia que están máis próximos a ela. No caso de Francia, este acercamento –que ao igual que con Alemaña vén consolidándose trala súa postura común en relación con Iraq– quedou patente nas declaracións que fixo o presidente Jacques Chirac na súa visita a Rusia a principios de abril deste ano cando consideraba a relación entre a UE e Rusia como esencial para Rusia, para Europa e para a estabilidade do mundo de mañá⁽⁵⁰⁾. En canto a Italia, un dos momentos máis problemáticos para a UE produciue ante a postura do presidente italiano Silvio Berlusconi no último Cumio Europeo celebrado en Roma, no que contradicindo a posición oficial da Unión, apoiou e loou a política de Putin tanto en Chechenia como no caso da petroleira Yukos.

Con todos os pros e contras sobre a mesa, ante todo a política de Putin con Occidente foi, e parece que seguirá sendo, a de manter certa docilidade ante cuestións estratéxicas, económicas e políticas a cambio de divisas para o país e de ausencia de críticas á súa actuación interna, sendo estes uns movementos desenvolvidos por Putin para intentar restabelecer o prestixio internacional de Rusia e asegurar o seu poder. A

(48) DJALILI, Mohammad-Reza e KELLNER, Thierry: *La nueva Asia Central*, Edicións Bellaterra, Barcelona, 2003, p 536.

(49) *Problemas en las relaciones entre Rusia y la Unión Europea*, http://www.revistaamanecer.com/otros_numeros/154/contenido/rusia/09.htm.

(50) Europa Press: *Chirac estima que la relación Rusia-UE es un elemento esencial de la estabilidad mundial*, <http://es.news.yahoo.com/>.

declarada oposición tanto á ampliación da OTAN como da Unión Europea –e malia poder ter un compoñente de preocupación, ao beneficiar a antigos países da órbita soviética que manteñen unha tensa relación con Rusia– foi máis unha pose crítica de Putin para conseguir “facer caixa” que un intento real de bloquear as ampliacións. A debilidade de Rusia como potencia, os acordos comerciais, e o resto de temas que como vimos están sobre a mesa, condicionan fortemente a actitude política de Rusia, onde por poñer un exemplo, o comercio coa UE en 2000 constituía o 25% das importacións rusas e o 35% das exportacións⁽⁵¹⁾.

De momento Moscova xa lle esixiu á Unión unha compensación polas perdas económicas que sufrirá pola adhesión dos novos países. E os responsabeis europeos parecen estar estudando o modo de realizar as concesións demandadas por Putin. Estas e todas as que quedan por chegar.

Marisol Rodríguez Puertas é xornalista, especialista en Información Internacional e Países do Sur e colaboradora do Instituto de Estudios sobre Conflictos y Acción Humanitaria (IECAH).

(51) SERRA, Francesc: *Diez años de la nueva Rusia*, Revista CIDOB d'afers internacionals, <http://www.cidob.org/Castellano/Publicaciones/Afers/59serra.html>, p 3.